

## 42 obras concorren ao VIII Premio de Poesía Victoriano Taibo

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Martes, 08 Setembro 2015 21:21

---



O pasado 31 de xullo rematou o prazo para a recepción de orixinais para participar no VIII Premio de Poesía Victoriano Taibo. O xurado reuniuse para recoller os traballos presentados, nun total de corenta e dúas obras. O fallo farase público no transcurso do mes de setembro, en data que se anunciará nos medios de comunicación.

Na primeira convocatoria resultou gañador o poemario *Cultivos Transxénicos* de Carlos Negro; na segunda o xurado acordou conceder o premio ex aequo aos poemarios *Cuarto Minguante*, do que é autora M<sup>a</sup> Carmen Caramés, e *Biografía da Multitude*, que resultou estar creado a dúas mans por Elvira Riveiro e Silvia Penas; na terceira edición o premio foi para o libro *Devastacións dispoñibles*, de M<sup>a</sup> Goretti Fariña, na cuarta edición a obra premiada foi *Holocausto Zaoe*, de Calros Solla; na quinta edición a obra gañadora foi *Distancias e Simetrías*, de María Concepción Álvarez Lebrede; na sexta a obra premiada foi *Territorios Estraños* de Ramón Sandoval; e na sétima a obra premiada foi *O caderno amarelo* de Lara Rozados